

*ORDE do 17 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia (código de procedemento TR487A).*

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20191230/AnuncioG0244-171219-0004\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20191230/AnuncioG0244-171219-0004_gl.html)

### **BENEFICIARIAS/OS:**

Poderán ser beneficiarias das subvencións convocadas as **asociacións de veciños**, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, **comunidades de usuarios de augas** debidamente inscritas no rexistro público correspondente e **asociacións de mulleres rurais de Galicia** (en diante, entidades), para a realización de investimentos, tanto de obra como de equipamentos, en inmobles da súa titularidade ou dos que lles corresponda o dereito de uso e traídas de auga veciñais, coa finalidade de mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar a participación veciñal e a cohesión social, contribuíndo deste xeito a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

### **CONTÍA DAS AXUDAS:**

A axuda económica que se conceda poderá acadar a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para a dotación de equipamentos.

### **DESTINO DAS SUBVENCIÓNS:**

Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teña un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título, así como equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles orientados ao cumprimento dos fins da entidade e o seu funcionamento ordinario, e as obras nas traídas de auga comunitarias.

**a)** Obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais **b)** Adquisición de equipamentos dos locais necesarios para o funcionamento ordinario da entidade: mobiliario, equipos de oficina, equipamento informático e audiovisual. **c)** Obras de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias, promovidas por comunidades de usuarios de augas.

**PRAZO: ATA 30/01/2020.** A SOLICITUDE OBRIGATORIAMENTE EN SEDE ELECTRONICA. <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR487A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>